



O VERBO

Escribe a raíz nun cadro e a desinencia noutro:

cantaba cant + aba

andaches _____

iriades _____

comeren _____

subisedes _____

leremos _____

Escribe ao lado I (infinitivo), X (xerundio) ou P (participio):

fuxirmos

falando

retorcido

estardes

converter

caducado

tusir

intuíndo

Clica nas formas non persoais:

Preparados e a punto

Xa veu o bo tempo e sentimos a necesidade de facer excursións pola comarca. Os membros do club planificamos as escapadas que faremos durante as vindeiras fins de semana. Na primeira iremos á aldea do Outeiriño. Pensabamos ir o ano pasado pero, cando estabamos saíndo, sorprendeunos unha tronada primaveral que anulou a excursión. Por tanto, este será o noso primeiro destino deste ano. Iso si: despois de comprobar a previsión meteorolóxica!



Comarcal

13 de febreiro de 2016

Un león solto no barrio do Milleiral

Un veciño da comarca levou hoxe un gran susto. Xosé S. camiñaba cara á panadaria cando se cruzou cun león na rúa. «Crin que me ía comer!» declarou o home. «Pero seguíu o camiño e telefonei a policía.»

Parece que o león escapou do zoolóxico e chegou ao barrio. «Por sorte, conseguimos capturalo sen risco coa axuda dos responsables do zoo», asegurou un dos axentes que participaron na captura.

Localiza no texto anterior unha forma verbal axeitada a cada caso e cópiaa.

• 1.ª persoa de singular ► _____

• 1.ª persoa de plural ► _____

• 3.ª persoa de singular ► _____

• 3.ª persoa de plural ► _____